

Augustin Louis Cauchy

(París, 1789-Sceaux, 1857)



Cauchy empezou cedo a educarse co seu pai Louis François Cauchy (1760-1848), quen ocupou varios postos públicos menores e era amigo de J. L. Lagrange e P. S. Laplace.

Foi pioneiro na Análise Matemática e a Teoría de Grupos de permutacións, que contribuíu de xeito medular ao seu desenvolvemento. Tamén investigou a converxencia e a diverxencia das series infinitas, ecuacións diferenciais, determinantes, probabilidade e Física matemática.

Cauchy precisa os conceptos de función, de límite e de continuidade na forma actual. Toma o concepto de límite como punto de partida da análise e elimina da idea de función toda referencia a unha expresión formal, alxébrica ou non, para fundamentala sobre a noción de correspondencia. Os conceptos aritméticos outórganlles deste modo rigor aos fundamentos da análise, ata entón apoiados nunha intuición xeométrica, o que cobra relevancia especial cando máis tarde sofre un rudo golpe o intuicionismo ao demostrarse que hai funcións continuas sen derivadas, é dicir, curvas sen tanxente.